



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA FISCAL Nº 18

TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AMBULANCIA SANITARIA MUNICIPAL.

ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.*

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AMBULANCIA SANITARIA MUNICIPAL, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito R. D. Lexislativo.

ARTIGO 2. *Feito Impoñibel.*

Constitúe o feito impoñibel da presente taxa a prestación do servizo público de ambulancia sanitaria municipal no termo municipal.

ARTIGO 3. *Suxeito Pasivo*

Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e 23 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectados polo servizo de ambulancia sanitaria municipal.

ARTIGO 4. *Responsábeis*

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refire o artigo 42 da referida Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da devandita Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. *Cota tributaria*

A contía da taxa será a fixada nas seguintes tarifas:

Tarifa	Euros (€)
a) Servizos dentro do termo municipal de Arteixo e do da Coruña.....	37,71 €
b) Resto dos servizos. Satisfaranse 0,30 €/Km, incluíndo os Km de regreso, ademais da cantidade fixa de.....	34,42 €



CONCELLO DE ARTEIXO

DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN

RELGA N.º MU 2000 / 141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: intervencion@arteixo.dicoruna.es

En todos os servizos dos epígrafes anteriores, incrementarase a cota resultante nun 25% se aqueles se prestan en todo ou en parte, desde as vinte e unha ás sete horas.

ARTIGO 6. *Devengo*

A presente taxa devengarase no momento en que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 7. *Liquidación e ingreso.*

Realizado un servizo practicarase a correspondente liquidación ou factura, que será ingresada na Tesourería Municipal

ARTIGO 8. *Infraccións e sancións*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As tarifas anteriores serán incrementadas anualmente no IPC

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día seis de novembro de 1998.

Foi modificada por acordos do Concello Pleno en sesións celebradas os días seis de setembro de 2001, 18 de xullo de 2002, 4 de setembro de 2003, 28 de outubro de 2004, 30 de xuño de 2005, 28 de setembro de 2006 e 25 de outubro de 2007.

A presente modificación foi aprobada polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de setembro de 2008.

Entrará en vigor, logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.